



**Concello
de Muros**

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Anuncio da convocatoria proceso selectivo complementario para incrementar o persoal da bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal de monitor/a de tempo libre (grupo IV) do Concello de Muros

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía do 23 de xuño adoptáronse os seguintes acordos:

Vista a Resolución da Alcaldía núm. 439/2024 de 22 de abril, nas que se aprobaron as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal de monitor/a de tempo libre (grupo IV) do Concello de Muros, publicadas no BOP núm. 84, do 30 de abril de 2024.

Visto que non existen persoas candidatas dispoñibles na actual bolsa de traballo para a contratación de persoal laboral temporal de monitor/a de tempo libre (grupo IV), aprobada mediante Resolución da Alcaldía núm. 703/2024 do 21 de xuño de 2025, e creada co obxectivo de dar cobertura ás necesidades deste Concello neste servizo, resulta imprescindible adoptar medidas inmediatas.

Tendo en conta que os campamentos de verán organizados polo Concello de Muros teñen prevista a súa data de inicio o 1 de xullo de 2025, e que a función do persoal monitor resulta esencial para garantir a seguridade, o funcionamento e o cumprimento do programa de actividades dirixidas á infancia e xuventude, é urxente e necesario ampliar esta bolsa de emprego mediante a incorporación de novas persoas candidatas. A falta de cobertura efectiva do servizo comprometería a prestación dunha actividade pública de interese social, cultural e educativo, moi especialmente dirixida a menores do municipio, e impediría o desenvolvemento normal das actividades programadas.

En base a todo o anterior,

RESOLVO:

PRIMEIRO. *Convocar de novo o proceso selectivo para incrementar o persoal da bolsa de emprego de monitor/a de tempo libre (grupo IV) do Concello de Muros.*

SEGUNDO. *As bases que rexerán este proceso selectivo complementario son as aprobadas mediante Resolución da Alcaldía núm. 439/2024, do 22 de abril, que recolle as bases reguladoras do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego destinada á contratación de persoal laboral temporal como monitor/a de tempo libre (grupo IV) no Concello de Muros, e que foron publicadas no BOP núm. 84, do 30 de abril de 2024.*

TERCEIRO. *O prazo para a **presentación de solicitudes** de participación neste proceso selectivo será de **2 días hábiles** desde a publicación do anuncio no taboleiro.*

CUARTO. *As persoas aspirantes que superen o proceso selectivo serán incluídas na bolsa de emprego existente a partir da última persoa que forma parte da mesma."*

Muros, 23 de xuño de 2025

A alcaldesa,

María Lago Lestón